



**Curso  
2019/2020**

**Centro Autorizado Profesional de  
Música “Cantiga”  
Sarria (Lugo)**

**Adaptación Programación Didáctica  
de Improvisación-Interpretación**

**12 Maio 2020**

Instruccións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da comunidade Autónoma de Galicia

**Profesor:  
Alejandro González González**

## ÍNDICE

- 1. Criterios de avaliación e mínimos esixibles**
- 2. Avaliación e cualificación**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre**
- 4. Información e publicidade**

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Criterios de avaliación	
<b>Criterios de avaliación 6ºG.P.</b>	<b>Criterios de avaliación 6ºG.P.</b>
<b>Primeira avaliación</b>	<ol style="list-style-type: none"><li>1. Analizar audicións dunha mesma obra nas tres versións interpretativas: formativa, historicista e histórica.</li><li>2. Realizar comentarios críticos ante a interpretación dunha mesma obra por parte de agrupacións diferentes.</li><li>3. Comentar os aspectos interpretativos dunha partitura ante as súas diversas audicións .</li></ol>
<b>Segunda avaliación</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Amosar unha actitude positiva ante os traballos e as audicións propostas.</li><li>- Realizar interpretacións de pequenas pezas compostas por eles</li><li>- Realizar comentarios críticos de pequenos artigos.</li></ul>
<b>Terceira avaliación</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Realizar comentarios de audicións propostas polo profesor.</li><li>- Comentar de forma crítica artigos propostos.</li><li>- Comentar partituras propostas.</li></ul>

## AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Avaliación e cualificación	
<b>Avaliación</b>	<p><b>Procedementos:</b></p> <p><u>Os aplicados no 1º e 2º trimestre:</u> Os instrumentos de avaliación baseáronse na observación directa, nos traballos escritos e orais específicos, todo anotado con detalle no caderno do alumno ou alumna, a través da avaliación inicial, formativa e final, segundo se especifica na programación da materia publicada a comezos de curso.</p> <p><u>Os aplicados para o 3º trimestre:</u> Centraranse nunha avaliación formativa e diagnóstica, de carácter parcial e procesual. A avaliación formativa implica o seguimento dos avances nas tarefas asignadas ao alumnado neste tempo de confinamento.</p> <p><b>Instrumentos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>• <u>Os aplicados para o 1º e 2º trimestre</u> son os especificados na programación de comezos do curso 2019-20, que inclúen: realización dun traballo sobre a organoloxía do instrumento da especialidade que se cursa (50%) realización dunha comparación entre diferentes interpretacións dunha dunha mesma obra da especialidade (30%) interpretación de pequenas pezas compostas por eles.(10%), recensións de artigos (10%)</li></ul> <p><u>Os aplicados para o 3º trimestre</u> estarán relacionados especificamente coa observación do proceso de realización dos traballos individuais e colectivos asignados e o seu resultado final enviado por vía telemática (100%).</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Con carácter xeral, o alumnado terá a cualificación que resulte das medias entre a 1ª e 2ª avaliación, podendo a nota da 3ª contribuír a subir a cualificación final.</p> <p>Poderase incrementar en <b>2</b> puntos en base ás actividades realizadas por vía telemática logo da declaración do estado de alarma (valoradas en todo caso tendo en conta os criterios de avaliación, mínimos esixibles e procedementos e ferramentas de avaliación establecidos na presente programación en apartados previos) nunca minorando a cualificación da 2ª avaliación.</p>

<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	No mes de setembro porase á disposición do alumnado a posibilidade de superar a materia, unha proba específica na que demostre que é capaz de desenvolver os contidos do curso.
---	---

## METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

<b>Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Elaboración dun traballo obrigatorio dunha entrevista a un membro dunha agrupación que eles coñezan para que lles expliquen os problemas con que se atopan á hora de interpretar obras tanto de forma individual como de forma colectiva.</li> <li>2. Realización de comentarios de diversas partituras</li> <li>3. Realización de recensións e comentarios via skype.</li> </ol>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>A metodoloxía empregada é individualizada e de atención continuada, co fin de repasar e reforzar algúns aspectos que melloren o resultado final.</p> <p>Tras un primeiro contacto vía mail, tódolxs alumnxs da materia aseguraron dispoñer de conectividade á rede, aínda que con diferentes graos de uso, polo que se estableceu un sistema de seguimento baseado en:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Intercambio de correos electrónicos.</li> <li>2. Realización de sesións a través de aplicacións como <i>Skype</i> para a resolución de dúbidas e a exposición dos avances dos traballos.</li> <li>3. Subida de materiais e apuntes a centros net.</li> <li>4. Contacto telefónico mediante <i>Whatssap</i>.</li> </ol>
<b>Materiais e recursos</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>5. Apuntes, facilitados a través de correo electrónico, <i>Skype</i> e <i>whatsapp</i>.</li> <li>6. Bibliografía variada.</li> <li>7. Recursos audiovisuais diversos.</li> </ol>

## INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

<b>Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Páxina web do centro e whatsapp
<b>Publicidade</b>	Publicación na páxina web do centro.